



A Verba do corvo

- E** *h! Quita para alá! Lisca, lisca de aí! Non estragues todo! Serás papón!*
- *Deixa algo para que os cativos poidan ver a cor deste millo e coñezan con qué se alimentaron os seus antergos, como sementaban o gran, como o moían e facían o pan de cada día...*
 - *Non te aledas coa ledicia coa que chegan a Meiro eses pequechos?*
 - *Semella que queres arruinalo todo!*
 - *Que é iso? Ah! Son os gardiáns do millo corvo que andan preto. Coido que non che permitirán máis desfeita.*

Aínda que non semelle que pasara tanto tempo, xa hai cinco anos que comezou o meu primeiro voo.

Meiro Corvo quere lembrar nesta ocasión a todas as persoas que coas súas verbas foron dándolle contido a esta Lingua do Corvo. Sen as súas achegas, non sería posible, un ano máis, que esta publicación saíra adiante.

Estes cinco anos deron para coñecer un pouco máis polo miúdo folerpas da tradición galega, recoñecidos persoeiros da cultura da nosa terra pero tamén xente anónima -as mais das veces- que loita dende distintos colectivos para que se preserve o noso patrimonio, tanto inmaterial coma arquitectónico ou natural. Esas persoas adican o seu tempo de lecer a investigar e dar a coñecer os seus traballos, para que vexamos sen cortinas de fume a realidade que se agocha tras os "grandes proxectos" que o capitalismo nos quere vender coa súa maquinaria propagandística.

Unha vez máis, lendo as páxinas escritas na Lingua do Corvo, entraremos na defensa do litoral a través do relato que nos conta a praia de Pescadoira, coñeceremos a arqueoloxía do millo miúdo e descubriremos as marcas dos canteiros nas pedras dos muíños. Carmen Mineiro meteranos de cheo na vida "de antes" e descubriremos tamén o valor da auga, sen esquecer unha lembranza para Antón Patiño, quen tanto agarimo amosou dedicándolle unha Trova á aldea de Meiro.





Asociación Cultural Meiro

Amosamos imaxes dalgunhas das actividades que organizou a Asociación Cultural Meiro o longo deste último ano, entre outras:

- Concentración de Bicicletas,
- Filloada e obradoiros de filloas e máscaras no entroido,
- Grupo de teatro Simalveira,
- Cea do nadal,
- Cabalgata de Reis,
- Saídas culturais,
- Obradoiros e cursiños de diferentes temáticas: elaboración de cosméticos naturais, conservación de alimentos naturais, elaboración de licores, poda e inxerto, costura práctica, patchwork, etc.
- Publicación da revista *A Lingua do Corvo*
- Realización de distintas exposicións etnográficas,
- Sementeira, cava e renda do millo corvo, corta do pendón, corta e empalleirado, esfollada... todo o ciclo necesario para a realización do VIII Encontro Degustación do Millo Corvo.



Solicitude desbrozadora e biotrituradora

Tamén se solicitou, diante do departamento de agricultura da Deputación Provincial de Pontevedra, unha dotación económica para adquisición dunha desbrozadora e biotrituradora para facer compost cos residuos vexetais. A data de actual, aínda non obtivemos resposta á nosa petición. Confiamos que a estimen positiva pois nos parece fundamental a reciclaxe, evitando a contaminación producida pola queima dos residuos.